



CONVOCATORIA DE MATRÍCULA DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA OS MAIORES DE 25 ANOS - 2017

A proba de acceso á universidade para os maiores de 25 anos regúlase polo disposto no Real Decreto 1412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño) e o disposto na Orde de 24 de marzo de 2011 (DOG de 4 de abril).

Por todo o exposto, e ao abeiro das competencias recoñecidas ás universidades nas disposicións citadas e conforme o expresado na cláusula segunda do convenio entre as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) resolve *convocar a Proba de Acceso á Universidade para os Maiores de 25 anos, correspondente ao ano 2017*, no ámbito das tres Universidades de Galicia e que se rexerán conforme as seguintes:

BASES

1ª).- QUEN SE PODE MATRICULAR:

As persoas maiores 25 anos no ano natural no que se celebra a proba (acreditado mediante fotocopia do DNI ou Pasaporte), que non posúan o título de bacharelato establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou título equivalente ou outra titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías.

A ausencia desta acreditación, a falta de veracidade ou a manipulación de datos, suporá a perda automática dos dereitos derivados da matrícula nas devanditas probas.

2ª).- PRAZO, HORARIO E LUGARES DE MATRÍCULA:

Prazo: do 17 de xaneiro ao 9 de febreiro, ámbolos dous inclusive.

Horario: das 9:00 ás 14:00 horas os días hábiles de luns a venres.

Lugares de matrícula: os LERD (presentando a instancia de matrícula previamente descargada da web e debidamente cuberta).

Tamén poderán efectuar a matrícula mediante calquera dos procedementos especificados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, (BOE do 27 de novembro de 1992), coa obriga de incluír fotocopia do resgardo do pagamento dos prezos públicos mediante xiro postal dirixido aos lugares de matrícula que figuran no Anexo I.

Se o solicitante está en posesión de disfrute de redución ou exención do pagamento de ditos prezos, remitirá fotocopia do documento que o acredite.

3ª).- DOCUMENTOS:

Documentación que se deberá aportar no momento da matrícula:

- a) Fotocopia do DNI ou Pasaporte (estranxeiros) por ambas caras.

b) Resguardo acreditativo de ter aboadas as taxas. O ingreso das taxas de matrícula farase nunha entidade bancaria, mediante o impreso que se facilitará ao efecto nos lugares de matrícula.

c) Solicitud de matrícula na que se fagan constar os datos do interesado ou interesada, a opción, materia optativa elixida para completar o exercicio da Fase Específica, así como o idioma estranxeiro elixido para a realización da Fase Xeral. O impreso de solicitud descargárase da páxina web da CiUG: <http://ciug.gal/PDF/impresomat25.pdf>

Ao facer a matrícula, o alumnado recibirá un “Resguardo de matrícula” que deberá conservar. Posteriormente recibirán ao seu correo electrónico un **código de acceso** para poder facer posteriormente na Internet a solicitud de reclamación ás cualificacións das probas e a solicitud de admisión (preinscrición) para cursar titulacións universitarias do SUG con límite de prazos.

4ª) PREZOS PÚBLICOS:

De conformidade co disposto no Decreto 80/2016, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 131 do martes, día 12 de xullo de 2016), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**.

O aboamento de prezos deberá facerse no impreso establecido.

- Axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos:

- Familia numerosa - Categoría Xeral	31,84 euros
- Familia numerosa - Categoría Especial	Gratuita
- Persoal das Universidades do SUG	Gratuita
- Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero	Gratuita

Os membros de **familia numerosa de 1ª e 2ª Categoría Xeral**, así como os de **Familia Numerosa de Honra Categoría Especial**, beneficiaranse da redución ou exención correspondente, de acordo coa normativa específica.

Tamén serán beneficiarios das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos, todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das “Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos” de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico segundo o establecido no Decreto 80/2016, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 131 do martes, día 12 de xullo de 2016).

- (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia compulsada do carné de Familia Numerosa.
- (2) O Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuita. A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos, ademais, por medio da fotocopia do Libro de Familia.
- (3) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), de vítima de acto terrorista ou de vítimas de violencia de xénero acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñece a condición correspondente que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, para que teña eficacia.

5ª) REALIZACIÓN DOS EXAMES:

Os exercicios a realizar son os que se indican no Real Decreto 412/214, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), que se especifican no folleto informativo editado pola CiUG.

O alumnado matriculado ao abeiro da presente convocatoria efectuará os exames da *Fase Xeral*, en chamamento único, o **sábado día 4 de marzo** a partir das 8:30 horas, na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. Os exames da *Fase Específica* realizaranse, en chamamento único, o **sábado día 11 de marzo** a partir das 8:30 horas, na mesma facultade.

O sistema universitario de Galicia realizará anualmente unha convocatoria da proba de acceso, para cada unha das ramas nas que oferten ensinanzas.

Os candidatos e candidatas que realicen esta proba no Sistema Universitario de Galicia, correspóndelles preferentemente, a efectos de ingreso, aquelas ensinanzas universitarias ofertadas polas súas universidades.

O alumnado deberá realizar a fase específica na opción ou opcións da súa elección, no caso de empate **correspondéndolles preferentemente, a efectos de ingreso**, aquelas ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades que estean vinculadas a cada unha das opcións, de acordo co establecido no anexo II desta convocatoria.

6ª) ESTRUCTURA DA PROBA:

A proba de acceso estrutúrase en dúas partes: Fase Xeral e Fase Específica.

A Fase Xeral ten como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. A Fase Xeral comprenderá os catro exercicios seguintes:

- a) Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.
- b) Lingua Castelá.
- c) Lingua Galega.
- d) Lingua Estranxeira, a elixir entre *Alemán, Francés, Inglés, Italiano* ou *Portugués*.

Os candidatos e candidatas que acrediten residencia fóra de Galicia por un período ininterrompido superior aos catro últimos anos, poderán solicitar, no momento de se matricularen, a exención do exercicio de Lingua Galega. A CiUG comunicará aos candidatos ou candidatas, por correo ordinario con aviso de recibo, a concesión ou non da exención do exercicio de Lingua Galega

A Fase Específica terá por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos e candidatas para cursaren con éxito as diferentes ensinanzas universitarias vinculadas a cada unha das ramas do coñecemento en torno ás que se organizan os estudos universitarios oficiais de Grao.

A Fase Específica estruturase nas cinco opcións seguintes vinculadas coas cinco ramas do coñecemento:

- | | |
|----------|----------------------|
| Opción A | Artes e Humanidades. |
| Opción B | Ciencias. |
| Opción C | Ciencias da Saúde. |

Opción D Ciencias Xurídicas e Sociais.

Opción E Enxeñaría e Arquitectura.

O alumnado deberá escoller no momento de matricularse a opción da que se examinará na fase específica.

A Fase Específica constará de dúas materias obrigatorias para cada opción que serán as que se sinalan a continuación:

Opción A Artes e Humanidades: *Historia da Arte e Xeografía.*

Opción B Ciencias: *Matemáticas e Química.*

Opción C Ciencias da Saúde: *Bioloxía e Química.*

Opción D Ciencias Xurídicas e Sociais: *Historia do Mundo Contemporáneo e Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais.*

Opción E Enxeñaría e Arquitectura: *Física e Matemáticas.*

Ademais, a Fase Específica constará dunha materia optativa que deberá escoller o alumnado no momento de matricularse entre as seguintes materias que se ofertan para cada opción:

Opción A Debuxo Artístico, Latín, Literatura Universal e Volume.

Opción B Bioloxía, Ciencias da Terra e Ambientais e Física.

Opción C Ciencias da Terra e Ambientais, Física e Matemáticas.

Opción D Economía da Empresa, Literatura Universal e Xeografía.

Opción E Ciencias da Terra e Ambientais, Debuxo Técnico e Química.

Cada un dos exercicios da fase xeral e da fase específica terá unha duración máxima dunha hora e media. Establecerase un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios, os candidatos e candidatas poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira deberán realizarse nos seus respectivos idiomas.

7ª) SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada un dos exercicios da fase xeral e da fase específica expresarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais e con intervalos de 0,25 puntos.

A cualificación da fase xeral será a media aritmética das cualificacións dos catro exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

A cualificación da fase específica será a media aritmética das cualificacións dos tres exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas na fase xeral e na fase específica, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

O candidato ou candidata supera a proba cando obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación final, non podéndose, en ningún caso, promediar cando non se obteña unha puntuación mínima de catro puntos tanto na fase xeral como na fase específica.

A nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de Grao será a cualificación final obtida na proba.

Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos e candidatas poderán presentarse de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Terase en conta a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.

8ª) PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS:

As *cualificacións provisionais da Fase Xeral* publicaranse na sede da CiUG, nos LERD e nos tres Reitorados de Galicia o **día 9 de marzo** (a partir das 15:00 horas).

As *cualificacións finais provisionais* (Fase Xeral e Fase Específica) poderán consultarse no taboleiro de anuncios da CiUG, nos LERDs e a través da aplicación informática NERTA o **día 16 de marzo** (a partir das 15:00 horas). A resolución pola que se fagan públicas estas cualificacións terá efectos de notificación oficial aos interesados/as.

9ª) RECLAMACIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS:

Os candidatos e candidatas poderán presentar reclamación ás cualificacións provisionais despois da súa publicación, dentro do prazo establecido pola comisión organizadora e mediante escrito razoado dirixido á presidencia do tribunal.

O *prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións* será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións da fase xeral e da fase específica (**do 20 ata as 14:00 horas do 22 de marzo**).

As solicitudes de reclamación deberán presentarse preferentemente a través da aplicación informática NERTA ou nos LERDs cubrindo o impreso de reclamación que se facilitará ao efecto.

10ª) PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS:

As *cualificacións definitivas* (despois da resolución das reclamacións) publicaranse o **día 28 de marzo** (a partir das 15:00 horas) e poderán consultarse no taboleiro de anuncios da CiUG, nos LERDs e a través da aplicación informática NERTA o **día 28 de marzo** (a partir das 15:00 horas). A resolución pola que se fagan públicas estas cualificacións terá efectos de notificación oficial aos interesados ou interesadas e porá fin á vía administrativa.

En todo caso, contra esta resolución, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

11ª) EFECTOS:

Aos candidatos e candidatas que realicen esta proba no Sistema Universitario de Galicia, correspóndelles preferentemente, a efectos de ingreso, aquelas ensinanzas universitarias ofertadas polas súas universidades.

O alumnado deberá realizar a fase específica na opción ou opcións da súa elección, no caso de empate **correspondéndolles preferentemente, a efectos de ingreso**, aquelas

ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades que estean vinculadas a cada unha das opcións, de acordo co establecido no anexo II desta convocatoria.

Para acceder a **titulacións universitarias do SUG con límite de prazas**, os alumnos e as alumnas que superen a proba deberán presentar a súa **solicitud de admisión**, no prazo do **19 ao 30 de xuño**, en calquera dos LERD existentes. Para iso é necesario estar en posesión do certificado de ter superada a proba, que se expedirá pola CiUG e remitirase por correo con aviso de recibo ao domicilio dos interesados/as.

Para os/as estudantes maiores de 25 anos que superen a proba de acceso, en virtude do disposto no Real Decreto 412/214, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), reservarase unha porcentaxe do 2 por 100 das prazas totais de cada titulación.

A superación da proba de acceso á universidade para os Maiores de 25 anos supón a **exención de realización da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio e a ciclos formativos de grao superior**.

No **Anexo II** recóllese a **adscripción preferente das opcións da proba de acceso á universidade dos maiores de 25 anos regulada polo Real Decreto 1892/2008**, do 14 de novembro, ás ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias oficiais de Grao do Sistema Universitario de Galicia para o acceso ao curso 2017-2018.

No **Anexo III** recóllese o horario de realización das probas común e específica.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Asdo.: Pedro Armas Diéguez
Presidente da CiUG


CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA
DISTRITO UNIVERSITARIO ÚNICO
GALICIA

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
EXCMO. SR. REITOR. MAGFCO. DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.
EXCMO. SR. REITOR. MAGFCO. DA UNIVERSIDADE DE VIGO.
EXCMO. SR. REITOR. MAGFCO. DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.
SRES. XEFES DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES.
SRES/AS. ENCARGADOS/AS DOS LERD.
SRES/AS. RESPONSABLES DO PROGRAMA INFORMÁTICO NERTA

ANEXO I - LERDs

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- LERD 1 Campus de Santiago de Compostela**
Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
INFORMACIÓN OIU: 881 812 000/ 881 811 000
Fax: 881 814 855 // Correo: sxa@usc.es

- LERD 2 Campus de Lugo**
Edificio Biblioteca-Intercentros, planta baixa
Campus Universitario
27002 Lugo
Tel: 982 285 900, extensións: 23577/23579/23578
Fax: 982 823560 // Correo: sxa.lugo@usc.es



UNIVERSIDADE DE CORUÑA

- LERD 3 Campus de Elviña - A Coruña**
Pavillón de estudantes
Campus de Elviña
15192 A Coruña
Tel. 981.167.000 ext: 1190/1192 // lerdcoruna@udc.es

- LERD 4 Campus de Ferrol**
Campus de Esteiro
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa
15403 Ferrol
Tel: 981.337.451
Fax: 981.337.417 // lerdfer@udc.es



UNIVERSIDADE DE VIGO


- LERD 5 Campus de Vigo - SIOPE**
Edificio Miralles
Campus Universitario-Lagoas Marcosende
36310 - Vigo
Tel: 986.813.630 / 986.813.755
Fax: 986.813.639 // siope@uvigo.es

- LERD 6 Campus de Ourense**
Unidade Administrativa
Área de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas
32004 Ourense
Tel: 988.387.102
Fax: 988.387.165 // siope-ou@uvigo.es

- LERD 7 Campus de Pontevedra**
E.U. de Enxeñería Técnica Forestal
Área de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira
36005 Pontevedra
Tel.: 986.801949
Fax: 986.802060 // siope-po@uvigo.es

ANEXO II

Adscrición preferente das opcións da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos regulada polo Real Decreto 412/214, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), ás ramas de coñecemento das ensinanzas oficiais de Grao do SUG a efectos de acceso.

 UNIVERSIDADE DE CORUÑA		
CAMPUS DE CORUÑA		
Cód.	Titulación	OPCIÓN
6001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
6003	Grao en Bioloxía	B
6004	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (Proba Específica)	D
6005	Grao en Ciencias Empresariais	D
6006	Grao en Comunicación Audiovisual	D
6007	Grao en Dereito	D
6008	Grao en Economía	D
6009	Grao en Educación Infantil	D
6010	Grao en Educación Primaria	D
6011	Grao en Educación Social	D
6012	Grao en Enfermaría (Adscrita)	C
6013	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	E
6014	Grao en Enxeñaría Informática	E
6015	Grao en Enxeñaría Mariña	E
6016	Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo	E
6017	Grao en Arquitectura Técnica	E
6018	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
6019	Grao en Fisioterapia	C
6020	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
6021	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
6022	Grao en Logopedia	C
6023	Grao en Química	B
6024	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Adscrita) (Condicións económica especiais)	D
6025	Grao en Socioloxía	D
6026	Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil	E
6027	Grao en Terapia Ocupacional	C
6028	Grao en Turismo (Adscrita) (Condicións económica especiais)	D
6036	Grao en Estudos de Arquitectura	E
CAMPUS DE FERROL		
Cód.	Titulación	OPCIÓN
7002	Grao en Enfermaría	C
7003	Grao en Enxeñaría Eléctrica	E
7004	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	E
7005	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	E
7007	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E
7008	Grao en Enxeñaría Mecánica	E
7009	Grao en Humanidades	A
7010	Grao en Información e Documentación	A
7011	Grao en Podoloxía	C
7012	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
7013	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	E



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cód.	Titulación	OPCIÓN
4001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
4002	Grao en Bioloxía	B
4003	Grao en Ciencia Política e da Administración	D
4004	Grao en Comunicación Audiovisual	D
4005	Grao en Dereito	D
4006	Grao en Economía	D
4007	Grao en Educación Social	D
4008	Grao en Enfermaría	C
4009	Grao en Enxeñaría Informática	E
4010	Grao en Enxeñaría Química	E
4011	Grao en Farmacia	C
4012	Grao en Filoloxía Clásica	A
4013	Grao en Filosofía	A
4014	Grao en Física	B
4015	Grao en Historia	A
4016	Grao en Historia da Arte	A
4017	Grao en Lingua e Literatura Españolas	A
4018	Grao en Lingua e Literatura Galegas	A
4019	Grao en Lingua e Literatura Inglesas	A
4020	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	A
4021	Grao en Matemáticas	B
4022	Grao en Medicina	C
4023	Grao en Mestre en Educación Infantil	D
4024	Grao en Mestre en Educación Primaria	D
4025	Grao en Odontoloxía	C
4026	Grao en Óptica e Optometría	C
4027	Grao en Pedagogía	D
4028	Grao en Psicoloxía	C
4029	Grao en Química	B
4030	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
4031	Grao en Traballo Social (Adscrita) (Condições económica especiais)	D
4032	Grao en Xeografía e Ordenación de Territorio	D
4033	Grao en Xornalismo	D

CAMPUS DE LUGO

Cód.	Titulación	OPCIÓN
5001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
5002 p	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (Presencial)	A
5002 s	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (semipresencial)	A
5004	Grao en Enfermaría (Adscrita)	C
5006	Grao en Enxeñaría Civil	E
5008	Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	E
5009	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	E
5010	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	E
5011	Grao en Mestre en Educación Infantil	D
5012	Grao en Mestre en Educación Primaria	D
5013	Grao en Nutrición Humana e Dietética	C
5014	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
5015	Grao en Veterinaria	C
5016	Grao en Lingua e Literatura Españolas	A
5017	Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	D
5018	Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	E



UNIVERSIDADE DE VIGO

CAMPUS DE OURENSE

Cód.	Titulación	OPCIÓN
1001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
1002	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	B
1003	Grao en Ciencias Ambientais	C
1005	Grao en Dereito	D
1006	Grao en Educación Infantil	D
1007	Grao en Educación Primaria	D
1008	Grao en Educación Social	D
1009	Grao en Enfermaría (Adscrita)	C
1010	Grao en Enxeñaría Agraria	E
1011	Grao en Enxeñaría Informática	E
1012	Grao en Traballo Social	D
1013	Grao en Turismo	D
1014	Grao en Xeografía e Historia	A
1015	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	E

SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Cód.	Titulación	OPCIÓN
2001	Grao en Belas Artes	A
2002	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (Proba Específica)	D
2003	Grao en Comunicación Audiovisual	D
2004 p	Grao en Dirección e Xestión Pública (Presencial)	D
2004 s	Grao en Dirección e Xestión Pública (Semipresencial)	D
2005	Grao en Educación Infantil	D
2006	Grao en Educación Primaria	D
2007	Grao en Enfermaría (Adscrita)	C
2008	Grao en Enxeñaría Forestal	E
2010	Grao en Fisioterapia	C
2011	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	D

CAMPUS DE VIGO

Cód.	Titulación	OPCIÓN
3001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
3002	Grao en Admon. e Dirección de Empresas – Caixanova (Adscrita)(Proba Específica)	D
3003	Grao en Bioloxía	B
3004	Grao en Ciencias do Mar	B
3005	Grao en Comercio	D
3006	Grao en Dereito	D
3007	Grao en Economía	D
3008	Grao en Educación Infantil (Adscrita) (Condições económica especiais)	D
3009	Grao en Educación Primaria (Adscrita) (Condições económica especiais)	D
3010	Grao en Enfermaría – Meixoeiro (Adscrita)	C
3011	Grao en Enfermaría – Povisa (Adscrita) (Condições económica especiais)	C
3012	Grao en Enxeñaría da Enerxía	E
3013	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	E
3014	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	E
3015	Grao en Enxeñaría Eléctrica	E
3016	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	E
3017	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	E
3018	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	E

3019	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E
3020	Grao en Enxeñaría Mecánica	E
3022	Grao en Linguas Estranxeiras	A
3023	Grao en Química	B
3024	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
3025	Grao en Tradución e Interpretación: Español - Inglés	A
3026	Grao en Tradución e Interpretación: Español - Francés	A
3027	Grao en Tradución e Interpretación: Galego - Inglés	A
3028	Grao en Tradución e Interpretación: Galego - Francés	A
3029 p	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Presencial)	A
3029 s	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Semipresencial)	A

OPCIÓN*	NOTAS:
Opción A: ARTES E HUMANIDADES Opción B: CIENCIAS Opción C: CIENCIAS DA SAÚDE Opción D: CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS Opción E: ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA * Só será preferente nos casos de empate na nota de admisión.	Esta relación de titulacións é provisional. Correspóndese coas titulacións ofertadas por cada unha das universidades do SUG e aprobadas polo <i>Consejo de Universidades do Ministerio de Educación</i> , para o curso 2016-2017.

ANEXO III

DATA E HORARIO DE REALIZACIÓN DA PROBA

FASE XERAL

Sábado, 4 de marzo de 2017	
MAÑÁ	
HORA	SESIÓN
08:30	PRESENTACION DO ALUMNADO
09:00 - 10:30	• COMENTARIO DE TEXTO sobre un tema xeral de actualidade
10:30 - 11:00	DESCANSO
11:00 - 12:30	• LINGUA CASTELÁ
12:30 - 13:00	DESCANSO
13:00 - 14:30	• LINGUA GALEGA
14:30	FIN DE SESIÓN
TARDE	
17:00 - 18:30	• LINGUA ESTRANXEIRA
18:30	FIN DE SESIÓN

FASE ESPECÍFICA

Sábado, 11 de marzo de 2017	
MAÑÁ	
HORA	SESIÓN
08:30	PRESENTACION DO ALUMNADO
09:00 - 10:30	<ul style="list-style-type: none"> • DEBUXO TÉCNICO • ECONOMÍA DA EMPRESA • QUÍMICA • XEOGRAFÍA
10:30 - 11:00	DESCANSO
11:00 - 12:30	<ul style="list-style-type: none"> • HISTORIA DA ARTE • MATEMÁTICAS • MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS
12:30 - 13:00	DESCANSO
13:00 - 14:30	<ul style="list-style-type: none"> • BIOLOXÍA • DEBUXO ARTÍSTICO • LATÍN • VOLUME
14:30	FIN DE SESIÓN
TARDE	
16:30 - 18:00	<ul style="list-style-type: none"> • CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS • LITERATURA UNIVERSAL
18:00 - 18:30	DESCANSO
18:30 - 20:00	<ul style="list-style-type: none"> • FÍSICA • HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
20:00	FIN DE SESIÓN